

O Concello de Ferrol e a Segunda República (1931-1936): A imposibilidade da política como medio de relación social

EMILIO GRANDÍO SEOANE*

1. A ILUSIÓN SOCIALISTA

(Abril 31 - Novembro 33)

Poucas bisbarras no país galego forman unha mancomunidade de intereses tan comúns como a ferrolá, na que non casualmente adoita chamarse 'Ferrolterra' a tódolos concellos que se sitúan na súa área de influencia, ben por vía marítima ou terrestre, e todos eles vólcanse de cheo na cidade departamental, tendo nela a súa máxima expresión. Se isto pasa nos nosos tempos en que as autovías e autopistas comunican toda Galicia achegando o espazo da percepción mental das xentes, que non pasaría nos primeiros anos do século XX onde as relacións intercomarcais se producían dun xeito moito máis ocasional e costoso, tanto física como economicamente. O concello de Ferrol, e por extensión a comarca de 'Ferrolterra', encontrábase case absolutamente pechado ó mundo exterior, baixo dúas circunstancias específicas que lle daban un carácter peculiar e orixinal: a súa condición de cidade departamental e a súa tradición obreira.

O elemento militar da Marina en Ferrol convertíase na clase local que impregnaba toda a mentalidade social de tódolos seus habitantes, dotando dun contido heroico e de defensa do honor a tódalas tertulias e debates nos que formaban parte. A continua renovación dos integrantes da tropa proporcionaba recursos económicos a unha cidade bastante illada das vías galegas do comercio, e provocaba un sentimento mestura de amor e xenreira entre os militares e a poboación local.

Aínda hoxe, a presenza dun elemento militar, que tende basicamente á homoxeneización de todo o que o rodeaba, encontrase nos nomes de moitas das rúas céntricas da cidade, que tomaban como exemplo as madrileñas, dentro dunha disposición do espazo urbán feito rixidamente a cuadrícula.

Esta característica de cidade departamental do concello motivaba a presenza de grandes empresas constructoras navales, o que dotaba asimesmo a Ferrol dun fondo contido obreiro. Así pois, é esta situación militar activa a que paradóxicamente posibilitaría a grande tradición dos partidos de base obreira por toda a bisbarra, os que se encontraban dotados dunha impresionante forza organizativa, centrada na afiliación maioritaria ó PSOE, partido do que foi fundador o tipógrafo ferrolán Pablo Iglesias.

Para que nos demos unha idea da importancia da Agrupación Socialista de Ferrol podemos dicir sen moito temor a esaxerar que o PSOE da provincia da Coruña era a organización de Ferrol. A súa masa de afiliados, a prontitude da fundación das súas seccións -era a única localidade onde se constata a existencia dun 'Grupo Socialista Femenino' e a data de fundación das súas xuventudes xa é de 1910-, e o radicalismo ideolóxico dos seus integrantes, non dividía o movemento obreiro da comarca como acontecía na Coruña entre o anarquismo e o socialismo, senón que unificaba a súa acción nun partido forte¹.

* Emilio Grandío, coruñés, é Bolseiro de Investigación na área de Historia Contemporánea da Facultade de Xeografía e Historia da Univ. de Santiago de Compostela.

¹ Para un estudio máis detallado do PSOE galego durante este período ver González Probados, *O socialismo na II República* (A Coruña, O Castro, 1992); e do mesmo autor, *Movemento obreiro e socialismo (A Coruña, 1931-1933)* (A Coruña, O Castro, 1983).

A caída da monarquía non deixou partidos políticos que poideran coller o relevo do sistema anterior dun xeito transicional, á marxe dos de base obreira, e estes non estaban polo labor. Esta rachadura do modelo político vixente dende había cantas décadas necesitaba unha renovación das élites políticas acorde cos novos tempos deste principio de século. A Dictadura do Xeneral Primo de Rivera foi unha fuxida cara diante na conservación dos privilexios da monarquía, pero a engranaxe política do réxime era sabedora de que non era posible repetilo despois de habelo feito unha volta atrás.

Boa proba da forte estrutura do PSOE ferrolánponse de manifesto no intre en que as eleccións municipais do 12 de Abril de 1931 trastocan completamente o sistema de goberno do Estado, e dous días máis tarde proclamase a II República en España. Nestas eleccións os votantes de Ferrol optan decididamente por un cambio de réxime, por unha renovación das súas estruturas, como proba o feito de que dos 33 concelleiros elixidos só 4 serán monárquicos, 13 deles socialistas, 7 radicais, 5 da O.R.G.A.-posteriormente chamada Partido Republicano Galego-, 2 independentes e outros 2 indefinidos². Non esperan moito para proqramar o novo sistema de goberno, e con él unha nova ilusión política de rexeneración do país.

O concello de Ferrol, sen recibir aínda confirmación do Goberno Central de Madrid, e en medio dun impresionante xentío que enchía a Praza de Armas, proclama a II República ás 6 da tarde do mesmo 14 de Abril, facendo ondear a nova bandeira tricolor xunto á galega. Esa noite foi lembrada como unha festa polos seus habitantes, con moita xente nas rúas que bailaban ó son de bandas de música que se sumaron espontaneamente á celebración³.

O primeiro Alcalde da República en Ferrol foi o socialista **Xaime Quintanilla**, o que confirmaba xa de feito a supremacía do socialismo no concello, aínda que a súa maioría fora simple en atención ó número de representantes municipais⁴. Só tres horas

máis tarde, ás nove da noite, e como continuación desta derradeira sesión, acordáanse as primeiras disposicións do novo goberno nas que os representantes socialistas non perderían ocasión de utilizar o poder recén outorgado. Así acordouse colocar no Salón de Actos do concello os retratos de Pablo Iglesias, Ramón Franco e dos Capitáns implicados na revolta republicana de Jaca do ano anterior, Galán e García Hernández, sendo retirados ó mesmo tempo os que se atopaban anteriormente, agás os do ex-Xefe do Goberno Español e tamén ferrolán de nacemento, José Canalejas, e o da escritora Concepción Arenal, retrato que moi posiblemente por ser o único de tódolos que non tiña ningún tipo de prexuício político nestes intres foi colocado na presidencia do Salón⁵.

Aparte desta disposición meramente protocolaria acordouse tamén por unanimidade a colocación da bandeira republicana no monumento erixido ó comandante Franco, non como acto de homenaxe, senón coma compensación honorífica ante o intento fallido de **Manuel Sales e Manuel Sanjurjo** de levar isto a cabo escasos dous meses antes. Este feito, xunto ó anterior, demostra ata que punto os primeiros concelleiros republicanos perseguían a obtención do sistema republicano en España como unha utopía, como unha salvación de seu, polo único cambio de ter tres cores na bandeira do Estado en vez de dúas.

Non todo ían ser concesións ideolóxicas e a práctica política comezou xa dende as primeiras horas, e así a corporación entrante adoptou medidas importantes cara o diálogo social dos vindeiros anos, como foi a entrada libre ós debates municipais, chegando a poñerse as sesións semanais do concello os sábados as 6,30 da tarde, co único fin de que os cidadáns que quixeran poidesen asistir, ou á convocatoria dunha manifestación popular pro república a celebrar nos seguintes días⁶.

Como se pode ver, a relación PSOE-Republicanos en Ferrol era total nestes momentos, co que as chamadas a este acto multitudinario de afirmación do novo réxime

² 'Informe do Goberno Civil da Coruña ó Ministerio de Gobernación (1º Marzo 1935)', Arquivo do Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, leg. 4369.

³ Segundo González Probados, *O socialismo...*, pax. 56. Cabe insertar aquí que a chegada da República non estaba confirmada ata a 1 da mañá do día 15, o que nos indica que á situación política do país non se lle recoñecía outra saída aparte de outorgar unha maior representatividade popular.

⁴ Secretaría do Concello de Ferrol, Libros de Actas, sesión do 14 de Abril de 1931.

⁵ C.F., Libros Actas, Sesión do 14 de Abril de 1931.

⁶ C.F., Lib. Actas, 19-Abril-31.

non podían ser estrañas á cidadanía da po-
boación. Sen embargo, a amizade non pare-
cía extenderse a determinados funcionarios
do municipio, e as relacións coa Garda Mu-
nicipal non debían ser moi fluídas cando se
lle advirte ó seu Xefe por medio do Secreta-
rio, tras discusión e debate aberto na corpo-
ración '*...la conveniencia de que no haga
acto de presencia en la manifestación, sin
que esto prejuzgue nada respecto al citado
empleado...*'. Esta situación, que ben podería
ser tomada como unha confrontación persoal
e non política, apréciase nun senso máis am-
plio cando, na mesma sesión e a proposta do
concelleiro socialista Santamaría, acórdase a
prohibición ós integrantes deste corpo da
Garda Municipal de levar pistola durante o
día, o que comeza a provocar a determinados
sectores sociais defensores do orde social a
poñerse fronte á nacente corporación e que
se amosaban atónitos e incapaces de com-
prender estas primeiras medidas, vistas non
como as duns membros dunha institución
calquera, senón como os primeiros feitos, co-
mo así foi, do sistema republicano de gover-
no, da República⁷.

Os novos concelleiros tomaron os seus
cargos uns días máis tarde, o 19 deste mes-
mo mes, e a ilusión de estar facendo algo no-
vo na historia da cidade e do estado en
conxunto, era a nota predominante dos pri-
meiros días do goberno local. Boa proba dis-
to foi o discurso de toma de posesión do seu
cargo de Alcalde de **Xaime Quintanilla**,
quen volvía retomar a idea da utopía
socialista:

*La revolución, no sólo ha de transformar
las cosas sino los conceptos, y por eso estimo
que no es carga pesada el trabajo que va a pe-
sar sobre mí, pues glosando el pensamiento del
filósofo, han de aceptar las nuevas generacio-
nes el trabajo como un juego hecho con la ale-
gría y con la misma emoción que un juego
corriente de la vida, sobre todo si se tiene en
cuenta, que nuestro trabajo creador, desde
ahora, ha de estar informado de la alegría que
precede todo hecho de creación.*

*En estos momentos en que el pueblo espa-
ñol ha logrado barrer la putrefacta y maldita
monarquía española, nuestro primordial deber*



*Xaime Quintanilla, Alcalde socialista
de Ferrol*

*es consolidar la República; para ello requiero
el concurso, el entusiasmo y la constancia de
todos los ciudadanos.*

*Desde este puesto no tengo porque ocultar
mi significación, por el contrario he de procla-
mar con claridad mi posición como socialista y
mi identificación con las aspiraciones de la
clase trabajadora, de la cual estoy seguro que
podemos esperar sea el sostén más firme del
nuevo régimen, implantado por la voluntad so-
berana del pueblo. Por eso precisamente hago
mías las aspiraciones de la clase trabajadora
en lo que se refiere a política municipal, cui-
dando especialmente los intereses de esta cla-
se, y en todo con los generales del pueblo.*

*Terminó su discurso el señor Alcalde con
un viva a la República que fué unánimemente
contestado.*⁸

Os ancellos de **Quintanilla** moi pronto
foron contrastados coa práctica política dia-
ria de goberno, non que tiña máis importancia
as cuestións concretas da sociedade local que
os debates ideolóxicos do interior dos

⁷ Todas estas medidas debieron estar precedidas de fortes debates e discrepancias de opinións ante a hora de re-
mate desta sesión, que durou desde as nove da noite ata as dúas e media da madrugada do día 15; C.F., L. A.,
14-Abril-31.

⁸ C.F., L.A., 19-Abril-31.

partidos. Deste xeito, e como xa aludimos nas primeiras verbas deste artigo, os primeiros problemas xurdiron respecto ó marcado carácter monárquico da xerarquía militar da marinería de Ferrol, que chocaba frontalmente coa liña política iniciada no concello.

Xa nos primeiros días de Maio deste ano comezan os conflitos, ante o feito de que os soldados do Acorazado 'Jaime I', ancorado na badía de Ferrol, abandonaron o barco en discrepancia ideolóxica cos seus xefes superiores. A situación complicouse de seguida coa imposición dos socialistas do municipio de conminar ó Ministerio da Guerra a que se tomaran prontas medidas para solucionar o conflito, baixo a ameaza de abandonar os seus cargos no concello. A situación creada provocaba un longo debate dentro da propia corporación sobre a conveniencia ou non de enviar este telegrama, e máis que nada polas palabras nas que se redactou, coa oposición dos concelleiros **Castiñeira, Araujo e Alvarez**⁹.

Mais a maior parte das confrontacións internas do concello durante este ano de 1931 e boa parte do de 1932 foron as referidas ós asuntos relixiosos, auténtico cerne das críticas da dereita política do país cara ós novos gobernantes. Estes amparábanse na liña laica que se viña predicando polos máximos dirixentes do republicanismo e do socialismo estatal. Os gobernos locais poñíanse baixo a súa protección e xustificación cando os problemas agravábanse en exceso, e pola outra banda da política eran os elementos da dereita os que pedían a retirada dunha lexislación considerada sectaria, que rachaba cos privilexios tradicionais dos representantes da Igrexa Católica¹⁰.

Moitos e variados foron os asuntos que trataron en debate os representantes municipais neste senso. Un dos máis importantes, polo menos en canto á súa duración no tempo foi o da supresión do posto de Capelán do Cemiterio Municipal, ostentado por **Francisco Suárez Nieto** e que viña a cargo do presuposto das arcas do concello. A súa suspensión foi aprobada por unanimidade na sesión do 13 de Xuño de 1931, coa xustificación textual de que *'... en ningún Ayuntamiento de España se subvenciona a los ministros de ningún culto...'*¹¹, mais o caso non rematou aí, xa que posteriormente a esta data as solicitudes de reposición desta persoa no cargo foron constantes ó longo de varios meses, amparadas baixo distintos supostos legais. Pero a posición anticlerical dos socialistas era clara e diáfana e non se recataban en ocultala, e deste xeito o concelleiro Santamaría respondeu así á primeira tentativa de reposición do Capelán, xa no mes de Setembro:

*En nombre de la minoría socialista, su conformidad con lo propuesto por la Alcaldía, ya que el cese del Capellán tiene un fondo grande de moralidad, aunque no sea muy legal la destitución; que este asunto del Capellán acaso sea consecuencia de no haber destituido a otros diez o doce empleados que no justifican su sueldo*¹²

Pero o verdadeiro conflito orixinouse cando o Partido Radical, ata estes intres defensor da supresión do cargo, tornou de postura achegándose ás posicións da dereita polo mes de Marzal de 1932, ó ver a actitude da poboación respecto á situación provocada polo Partido Socialista. Os radicais colleron

⁹ O texto do telegrama enviado ó Presidente do Goberno Provisional e ó Ministro da Gobernación foi o seguinte: *Ayuntamiento sesión ordinaria acordó como cuestión previa para continuación de sus funciones el que se adopten por Gobierno determinaciones enérgicas e inmediatas para prevenir los acontecimientos que pudieran surgir por actuación antirrepublicana elementos monárquicos de la Marina de Guerra respecto a sucesos acaecidos en el día de ayer en Acorazado Jaime I, pide que se depuren responsabilidades de forma rápida y justificada. Este Ayuntamiento para continuar al frente del pueblo interesa resolución en breve plazo, pues caso no ser atendido en su demanda entregarán en pleno Ayuntamiento a quien V.E. designe; C.F., L.A., 9-Maio-31.*

¹⁰ O anticlericalismo da bisbarra de Ferrol e a importancia dos seus sindicatos obreiros era bastante similar ás características da zona de Betanzos, e boa proba das medidas realizadas contra as institucións eclesíásticas nos primeiros dous anos da República témolos en Grandío Seoane, E., "La CEDA en el Partido Judicial de Betanzos: Organización local y comportamiento electoral (1931-1936)", en *Anuario Brigantino* 1992, nº 15 (Concello de Betanzos, 1993), 175-201.

¹¹ C.F., L.A., 13-Xuño-31.

¹² Os sulñados dos orixinais son do autor; C.F., L.A., 26-Set.-31. O asunto do Capelán do Cemeterio de Ferrol foi moi utilizado pola prensa de dereitas, mesmo a escala nacional, sobre todo no xornal 'El Debate', reflexando a multa que recibiu o Alcalde Quintanilla do Goberno Civil dun importe de 500 pesetas por esta destitución non axustada a dereito.

de sorpresa ós demais integrantes da corporación, sobre todo ós socialistas, que ante iso soio responderán declarando rotas as relacións entre os dous partidos¹³. Os presupostos municipais dese ano foron finalmente aprobados coa inclusión dun soldo de 2.000 pesetas para o Capelán por 15 votos fronte os 9 dos representantes socialistas, pero maila aceptación non podería restituirse no seu cargo legalmente ata o 25 de Outubro de 1934¹⁴.

O tema do Capelán non foi o único que se tratou respecto ó Culto nestes primeiros meses da República, e tamén foron tomadas outras disposicións como a prohibición da condución a pé dos cadáveres ó Cemiterio¹⁵, a venda de obxectos de culto da capela do Cemiterio¹⁶, ou o pago dun imposto para a realización dos toques de campá pola súa 'molestia'¹⁷. Esta última medida os socialistas apoiárona de xeito decidido e mesmo propuxeron meses máis tarde por medio do seu portavoz, o concelleiro **Santamaría**, a prohibición do toque entre as 8 da noite e as 8 da mañá, o que foi finalmente aprobado. A presentación desta proposta non deixaba de revestir certa ironía que reflexaba a absoluta falta de diálogo e o distanciamento entre os elementos obreiros e a Igrexa:

*Le ha movido a presentarla no sólo la necesidad de evitar molestias al vecindario que con el toque de campanas, en horas de la madrugada se le ocasionaran, sino también su deseo de que los sacristanes no tengan que levantarse excesivamente temprano para cumplir su cometido*¹⁸

Todas estas disposicións sectarias do goberno municipal ferrolán provocaron a denuncia de determinados sectores sociais da localidade a cotío, que provocou que o Goberno Civil da Coruña tomara cartas no asunto obrigando a dimitir e suspendendo as funcións da corporación dominada polos socialistas desde o 14 de Maio ata o 18 de

Xuño de 1932, data na que **Jaime Quintanilla** toma outra vez posesión da Alcaldía. Desde estes intres as resolucións da maioría republicano-socialista foron atemperadas e realizadas dun xeito máis conciliador, non tanto polo convencemento de seu como pola imposición governativa. Nesto influíu tamén a realidade social e política do Estado, posto que o persoal político desde finais de 1932 ata a convocatoria das eleccións de Novembro de 1933, confiado pola súa vitoria aplastante nas urnas de Xuño de 1931, deixou cada vez máis a un lado as discusións e dedicouse a intervir nos problemas máis reais da comarca.

Dous foron os atrancos con que a economía ferrolá se atopou nestes anos da República, un de carácter especificamente galego e outro de influencias locais. O primeiro deles alporizou a toda a Galicia agraria contra o Tratado con Uruguai que estipulaba unha entrada de carne de vacuno conxelada nos mercados peninsulares, en contraprestación dunha pequena exportación de conservas. Isto claramente tropezaba cos intereses dos gandeiros galegos que dende principios deste século organizaban o transporte de gando vivo por vía ferrea.

A repulsa dun acordo que perxudicaba os gandeiros do Norte do estado, aínda que preferentemente ós galegos e asturianos polas súas dificultades de comunicación interna, foi xeral en tódolos círculos políticos do país, dende a dereita ata a esquerda. E dende o seu papel de voceiro do PSOE no concello de Ferrol, **Santamaría** desbotou no mes de Xullo de 1933 a proposta das dereitas locais de rechazar frontalmente o Tratado comercial, e fixo que se aprobara unha adecuación desta protesta ó pedir ó Goberno que soamente se prohibira a introducción de gando americano en vivo, e que coma compensación ó perxuício que lle causaríaa ós implicados galegos se lle concedera ós nosos

¹³ C.F., L.A., 26-Marzo-32.

¹⁴ A inclusión da consignación do Capelán foi decidida na sesión do 12 de Abril de 1932.

¹⁵ Esta prohibición foi tomada por tódolos concellos das zonas da Coruña, Betanzos e Ferrol, e no caso que nos ocupa a defensa desta tiña criterios tan particulares como estes:

Es conveniente por razones de higiene y que representa una economía para las familias de los que fallecen, que se ahorrarán los crecidos gastos que la forma actual de hacer los entierros, les ocasiona (Bello).

La medida que se propone en la Comisión es conveniente por múltiples razones, incluso por que con ella se priva a los ciudadanos del triste espectáculo de los entierros (Morgado)

C.F., L. A., sesión do 15 de Agosto de 1931.

¹⁶ Según o concelleiro Morgado, '... los objetos y ornamentos del culto deben venderse, pues ya no tienen aplicación por haberse suprimido la Capilla del Cementerio ...'; C.F., L.A., 13-Feb.-32.

¹⁷ C.F., L.A., 16-Xaneiro-32.

¹⁸ Santamaría na sesión do concello do 12 de Novembro de 1932.

agricultores unha rebaixa no arancel dos foraxes, e moi especialmente no maízo¹⁹.

O segundo problema, moito máis importante, foi o do paro obreiro, que se estableceu por todo o Estado, pero ó igual que aconteceu na reconversión industrial de hai ben poucos anos, Ferrol sufriu o intento de desmantelamento das súas fábricas de construción pesada, por mor da redución de ingresos que tivo a Constructora Naval, o que motivou un recorte da consignación anual do Ministerio da Facenda. Éste si era un problema que tocaba de cheo ós membros socialistas do municipio, xa que lles afectaba fondamente nas súas propias bases da militancia, e de acordo con isto, e con o consentimento da minoría radical, segundo grupo en importancia do concello, apróbbase facultar á Alcaldía para fixar unha cantidade con que contribuír ós gastos que se orixinen na viaxe dunha comisión destes obreiros a Madrid, co fin de realizar xestións para traer traballo a estes arsenais²⁰. Como estamos a comprobar, a labourea do concello socialista nestes meses foi levada con cautela e certa precaución, pero a súa intención era clara: mudar as institucións por completo e achegar éstas ós obreiros.

Un dos ancellos máis universalmente difundidos por tódolos habitantes da Galicia daquela época era a consecución da súa propia identidade diferenciada, que algúns lles chamaban '*nacional*' e outros '*rexional*', e que todos, agás os núcleos dirixentes das dereitas, se uniron para reclamar un Estatuto de Autonomía²¹. Se ben a concreción deste non se realizou ata os últimos días da República en 1936, as primeiras reunións foron as que suscitaron un maior entusiasmo nos seus integrantes. O concello de Ferrol, como cidade cabeceira dunha das comarcas máis relevantes do país galego, tiña que amosar o seu parecer ó respecto do Estatuto.

Con miras á celebración da Asamblea dos días 17, 18 e 19 de Decembro de 1932 en Santiago, o concello ferrolán reúnese en

Sesión Extraordinaria o 16 dese mesmo mes e acorda enviar varios representantes a esta reunión, respetando o equilibrio político da cámara local, aínda que a maior parte dos concelleiros descoñecían o proxecto de Estatuto que se ía discutir alí²². O concello de Ferrol atopábase a prol dun recoñecemento maior da identidade cultural galega e dunha descentralización administrativa que se poidera apalpar polos cidadáns, extendendo as súas pretensións como cidade ó resto das estruturas institucionais.

Mais dende principios do ano de 1933, as dereitas locais tentaban botar abaixo as accións do goberno socialista, nun xeito de estar na práctica política cotidiá, da que estiveran ausentes dende o comenzo da República. Tiñan que retomar o pulso político local cun bon golpe de efecto, e deste xeito, a minoría radical, o maior grupo de dereitas da Cámara municipal, decidiu deixar de asistir ás sesións do concello a finais de Febreiro deste mesmo ano, xustificandoo como unha protesta polas irregularidades da administración do PSOE²³. Os meses seguintes de Marzal, Abril e Maio estiveron caracterizados por un constante enfrentamento dialéctico entre as dereitas e as esquerdas locais por esta situación, e os socialistas ameazarán en reiteradas ocasións ós radicais con facerlles acusacións graves contra sobranceiros membros do partido, como **Pérez Lago**, que aínda que coa desculpa de atoparse enfermo non asistía ás reunións do concello, e sen embargo si que acudiu como representante do municipio á reunión que fixeron en Vigo as Caixas de Aforros galegas²⁴.

A Alcaldía decidiu tomar cartas no asunto e retiroulle esta representatividade, nomeando como novo representante do Concello na Caja de Ahorros y Monte de Piedad a **Recaredo Domínguez de la Iglesia**²⁵. A situación encrespada e de difícil diálogo entre as dereitas e as esquerdas continuou ata a celebración das eleccións a Cortes de Novembro de 1933, aínda que os

¹⁹ Concello de Ferrol, Libro de Actas, 27-Xullo-33.

²⁰ C.F., L.A., 8-Out.-32.

²¹ Certos personaxes das dereitas como Portal Fradejas, Eugenio Vázquez Gundín, etc, eran partidarios a nivel persoal desta defensa da Autonomía, pero a disciplina de partido da CEDA galega na súa relación coa organización nacional desbotou estas iniciativas persoais.

²² C.F., L.A., 16-Dec.-32.

²³ Isto non foi manifestado no concello, senón a través da publicación dunha nota oficiosa na prensa local; C.F., L.A., 25-Feb.-33.

²⁴ C.F., L.A., 18-Maio-33.

²⁵ C.F., L.A., 25-Maio-33.

meses de verán, tradicionalmente pouco activos, pasáronse discutindo sobre a xa mencionada importación de carnes do Uruguai e as eleccións para vocais e suplentes do Tribunal de Garantías Constitucionais, cuestión na que aínda que a corporación como tal tiña dereito a voto, pouco contaba nas decisións das élites provinciais.

A demagogia da propaganda dos partidos políticos nacionais trasladouse a tódolos ámbitos da vida política galega, incluídos os concellos. Neste, a campaña a realizar polas dereitas baseábase desde principios de ano en debuxar o concello ferrolán como un municipio con grande abuso persoal do poder por parte dos socialistas, sen importarlles, nunha actitude soberbia a oposición firme e sinceira que eles representaban. Malia as advertencias que lles fixeron os socialistas de que non mesturaran o goberno nacional coa administración local, o certo foi que calqueira comunicación era boa se funcionaba, fora a que fora. Así, diante dos lectores da prensa local foi estendida doadamente a crítica da utilización particular dos socialistas dun coche do concello para a súa campaña electoral nunha viaxe a Ourense. A confrontación que tivo lugar no salón de sesións chegou a tal punto que **Cotovad**, o representante da oposición, insinuou que o coche fora utilizado para viaxes de 'pracer', co que a proposta finalizou en medio dun gran alboroto²⁶.

As denuncias de amaños dos partidos da esquerda obreira cara as eleccións foron constantes: manipulacións nas papeletas de voto²⁷ e tamén a errónea confección do censo electoral que rexiría o escrutinio no municipio, onde determinados personaxes dereitistas foron excluídos das súas listas, circunstancia observada despois de que membros da CEDA cotexaran o censo realizado por eles e o feito polos encargados municipais²⁸.

A intención primeira si se conseguiu e consistía en quentar unha campaña electoral,

na que só a descalificación do contrario ideolóxico avaliaba unha candidatura, e non tanto os feitos positivos da oposición municipal de dereitas. O certo foi que a campaña propagandística das dereitas en Ferrol foi claramente obstaculizada polo concello, xa que resulta curioso que os mítins destes partidos non tiveran permiso do municipio para efectualos na mesma cidade, senón que tiñan que seren realizados noutros concellos da comarca, como Valdoviño, que tiña unha maioría política local dominada polo goberno conxunto de radicais e independentes²⁹. Por todo isto, o nervosismo político e o creto da candidatura das dereitas foi aumentando, sensación popular que reflexa o xornal 'La Voz de Galicia' uns poucos días antes da votación, diario ó que non se lle podía encontrar simpatías políticas cara as dereitas:

Bien se conoce que estamos ya en la semana grande. Y se advierte, por las discusiones que si estos días eran débiles y apagados, ahora adquieren un calor, tan al rojo, que en algunos sitios, como ayer en un bar, se llegó a la violencia y a eso no hay derecho...

*...La lucha del domingo va a ser encarnizada no sólo en Ferrol sino en algunos pueblos de la comarca, tal como Valdoviño, por esta vez la opinión esta muy dividida y en donde hay dos bandos que se dan por descontado el triunfo. Aún cuanto por ahora se diga es hablar por hablar, en Ferrol se cree que el triunfo será de las derechas y de los radicales*³⁰

As previsións víronse realizadas en parte, xa que aínda que a candidatura das dereitas foi a vencedora na votación do concello, foi a moi pouca distancia dos votos rexistrados por socialistas e nacionalistas, debilitados na práctica política diaria, ó que lles seguía xa moi lonxe a coalición do Partido Republicano Galego e o Partido Radical³¹. O equilibrio político local xa non podía ser o mesmo despois destes resultados.

²⁶ Textualmente: *El Señor Cotovad replica que él se considera tan ecuaníme como el señor Quintana y que al afirmar que el coche fue utilizado en propagandas políticas, no hizo más que recoger el espíritu de los comentaristas que el viaje ocasionó, lo mismo que el hecho de que el mismo vehículo haya sido visto a altas horas de la noche debajo de un cobertizo adosado a una taberna de la Gándara de Narón*; C.F., L.A., 26-Oct.-33.

²⁷ 'La Voz de Galicia', a 18 de Novembro de 1933.

²⁸ 'El Ideal Gallego', a 28 de Outubro de 1933.

²⁹ 'El Ideal Gallego', a 31 de Outubro de 1933.

³⁰ 'La Voz de Galicia', a 15 de Novembro de 1933.

³¹ Información procedente das 'Actas de escrutinio das eleccións do 19 de Novembro de 1933 na circunscrición da Coruña', Arquivo das Cortes Españolas, Madrid, e reflexado na Tese de Licenciatura de E. Grandío Seoane, *Las elecciones de la C.E.D.A. en la provincia de La Coruña*, paxs. 181-190 (Santiago, 1992).

2. O CONCELLO NA OPOSICION: O CAMBIO DE PODERES NA POLITICA NACIONAL (Decembro 33 - Outubro 34)

A victoria das dereitas, ben republicanas como o Partido Radical, ou situadas nunha situación ambigua como a C.E.D.A., produciu un notable golpe ás aspiracións socialistas do progreso a través das institucións republicanas. Atopábanse agora dirixindo o estado ante eles aqueles contra os que loitaran nos anos anteriores da Monarquía, e a pesar de que polo menos nas súas palabras de acollida tentaron convivir pacificamente, a realidade era que o novo diálogo cos partidos de dereita realizábase agora nunha situación de indefensión e inferioridade.

Mais no concello de Ferrol o poder local aínda recaía nos socialistas e dende a súa cativa tribuna denunciaban as accións dos novos gobernantes do estado. Deste xeito, a corporación secundou unha iniciativa da Alcaldía da Coruña onde se pedía a protesta ante o Ministerio da Gobernación pola forma en que se constituira a Xestora da Deputación Provincial tras estas eleccións, '*...ya que de ella forman parte personas de filiación manifiestamente monárquica y representantes del antiguo caciquismo...*'. Pola súa banda, os representantes dos partidos denunciados desviaban a intencionalidade do telegrama enviado dende A Coruña atribuíndo dobres intencións ó concello coruñés, manifestando que a súa protesta, '*...es debida más que nada a que los designados para el cargo de gestor, no son los que deseaban los que dirigen la política en la capital de la provincia...*'³².

A parcialidade política con que se trataban os temas de carácter local era, segundo pasaban os días, se cabe máis descarada, e as decisións tomadas eran moi distintas se se referían a un campo ideolóxico de actuación ou a outro. Isto amósase perfectamente en dous casos. Así, no mes de Marzal deste ano o concello denega o pago dos gastos da casa da Garda Civil baseándose en que un dos criterios aceptados por toda a corporación cando se proclamou a República fora o de suprimir tódalas subvencións para as forzas de Orde Público, xa que era competencia plena do Ministerio da Gobernación e non deles³³. Sen embargo, tan só dous meses

máis tarde, exímese do pago dos impostos municipais ós encargados da construción da Casa do Pobo, sesión na que o voceiro **Santamaría** argumenta o seguinte:

*Pues los derechos que se condonan son de poca importancia y además el edificio ha de pasar a ser propiedad del Municipio al terminar el plazo convenido o antes si se destinara el inmueble a otros usos distintos de aquel para que fué cedido el solar y porque además se trata de una entidad a la que debe ayudar económicamente el Ayuntamiento con el fin de que los obreros cuenten con local en el que puedan establecer biblioteca y demás medios de cultura*³⁴.

Aínda por riba da situación política, o contexto social no que se atopaba a bisbarra de Ferrolterra nestes anos caracterizábase polo medo á falla de traballo na Constructora Naval, e que á marxe da progresiva perda de emprego de moitos traballadores, era o maior sostén económico da comarca. No verán de 1934 os rumores de peche desta empresa foron constantes, agravando a sensación de malestar dos anos anteriores, de tal xeito que se chegou a celebrar unha sesión extraordinaria do Concello co fin de tentar acadar unha solución que reclama de Madrid, conxuntamente coas outras comarcas do Estado afectadas coma Cartaxena ou San Fernando, propoñendo que a construción dos barcos de guerra se fixera soio nas factorías militares e non nos asteleiros particulares³⁵.

A conxuntura económica destes anos prefiguraba unha situación social da comarca na que os problemas laborais eran continuos e a resposta derivaba sempre na loita política cotiá. Os votantes do PSOE en Ferrol eran os principais perxudicados polas medidas do goberno central de Madrid, dominado polo Partido Radical e apoiado de feito pola CEDA. A comprensión destas circunstancias en mentalidades persoais onde a bipolarización esquerdas-dereitas traducíase directamente en bon-malo de acordo á ideoloxía do afectado, sen termos medios, e cunha asunción global da realidade que obrigaba a dividir as amistades segundo a similitude de ideoloxías, afondaba aínda máis nos dogmas políticos.

³² C.F., L.A., 15-Feb.-34.

³³ C.F., L. A., 15-Marzo-34.

³⁴ C.F., L.A., 17-Maio-34.

³⁵ C.F., L.A., 3-Xullo-34.

Daquí o medo á chegada ó poder de Gil Robles, o establecemento da dereita reaccionaria, e esta inquietude latente no transcorrer diario da bisbarra conducirá á solución de que habería que facer algo máis para que non acontecera a situación de Austria e Alemaña: o derradeiro recurso atopábase na forza autoritaria dos obreiros en armas, na revolta socialista.

3. AS DEREITAS NO PODER LOCAL (Outubro 34 - Febreiro 36)

O certo foi que a corporación socialista ferrolá apoiou plenamente a revolta revolucionaria de esquerdas cando se nomearan os titulares de varias carteiras pertencentes á CEDA no goberno radical dos primeiros días de Outubro de 1934. O extremismo do PSOE local provocou grandes mostras de apoio e de simpatía dende os cargos socialistas do concello cara a insurrección dos mineiros asturianos. O conflito xa xurdira de feito anteriormente, e as forzas de seguridade do Estado estaban seguras de que os socialistas ferroláns con cargos no municipio, estarían a prol de levantarse en armas contra as dereitas, como proba o feito de que uns poucos días antes da insurrección víñanse rexistrando de xeito sistemático as dependencias municipais pola Policía e a Garda Civil na procura de armas³⁶. Este non era o xeito máis doado de difundir unha política de consenso e de respecto á legalidade democrática das urnas.

As dereitas, como veremos nestas liñas, tampouco abusaron desta política cando se auparon ó poder municipal por mor dos sucesos revolucionarios. A propaganda que farían os periódicos afíns ideolóxicamente como 'El Debate', 'ABC', e a nivel rexional 'El Ideal Gallego', contra as esquerdas foi mítica, descendendo a detalles arrepiantes das accións realizadas polos mineiros

asturianos, sen ter estes ningunha posibilidade de defensa escrita ó atoparse clausurados os xornais da súa tendencia.

Sempre se tentaba o revanchismo político dende a proclamación da República, co que ás veces pode parecer que os cinco anos que durou este novo sistema de representación pública foron un constante forcexeo inserto nunha grande bipolarización ideolóxica, onde o diálogo democrático era suplantado por declaracións altisoantes e demagóxicas na maior parte das veces, cheas de negacións do contrario, de xenreira contida durante anos e que aparece únicamente cando as circunstancias socio-políticas o permiten. Se a todo isto lle sumamos que Ferrol foi a cidade galega onde o movemento subversivo de Outubro de 1934 acadou maiores proporcións, iremos comprendendo o clima tenso da vida local dende estas datas ata o alzamento militar de Xullo do 36³⁷.

Se o xeito de actuar dos socialistas no concello foi sectario e ata soberbio, as dereitas tentaron voltar ó Estado de orde de antes das manifestacións populares do 14 de Abril: o revisionismo foi a súa bandeira ata finais de 1935, cando a situación social xa non tiña unha resolución doada. Así, tras os sucesos revolucionarios, o 11 de Outubro, foi destituído por orde gubernativa o Alcalde **Quintanilla**, e foi proclamado novo rexidor municipal da recién formada xestora o primeiro Tenente de Alcalde, o radical **Segundo Cotovad Díaz**³⁸. Sete días máis tarde, foron destituídos dos seus cargos os concelleiros **Jaime Quintanilla Martínez**, **Joaquín Vázquez Gálan**, **Manuel Morgado y González del Valle**, **Antonio Santamaría López**, **Fermín Mejuto Fernández**, **Alfonso Quintana Pena**, **Edmundo Lorenzo Santiago**, **Tomás Serantes Liz** e **Ramón Castro López**, e foi constituída a nova corporación o 26 deste mesmo mes, baixo a Alcaldía de **Cotovad**, e que designando por

³⁶ C.F., L.A., 4-Out.-34.

³⁷ Paro xeral da Constructora Naval, despedidos masivos desta empresa a aqueles traballadores que se negaran a acudir ó traballo, bombas en distintos lugares da cidade, tentativa de volar o Transformador eléctrico que suministraba enerxía eléctrica a toda a poboación, incidentes con intercambio de disparos en tódolos días que durou a revolta nas aforas e no centro, etc, foron algúns dos sucesos ocorridos nestes días en Ferrol, bastante semellantes ós que aconteceron en Asturias aínda que no caso galego o plano fracasou ó enfrentarse coas forzas de orde pública, contabilizándose unha grande cantidade de detidos. Posteriormente acusouse ó Alcalde Quintanilla de deixar facer ós insurrectos, entre os que se encontraban numerosos concelleiros, tentando tamén involucrar á Policía Municipal na revolta, todo dentro dun plan perfectamente estipulado dende o seu comezo; M. González Probados, *O socialismo na II Rep....*, paxs. 191-194.

³⁸ Era voceiro municipal da oposición de dereitas e líder durante estes anos do radicalismo ferrolán; C.F., L.A., 11-Out.-34.

mandato do Goberno Civil da provincia como novos representantes municipais a **Enrique Montenegro López, José M^o Navarro Laguarda, Manuel Souto Porto, Higinio López Vilar e, Herminio Rodríguez Herrero** pertencentes a CEDA, e **José Lloverez Martínez, Luciano Cereijo Rodríguez, Tomás Pérez Lagares, Pedro Rey Rey, Germán Vázquez Moliner, Juan Silvar García e Vicente Cenalmor de Rueda**, do Partido Radical, convertíndose éste no partido máis representado na corporación con 13 postos na cámara³⁹.

A representación parlamentaria renovábase por completo, e dentro desta actitude de revancha ideolóxica as accións dos novos concelleiros, aínda que de signo oposto, son similares en canto ós temas tratados. Este é o caso do Capelán do Cemiterio Municipal, aínda non resolto de xeito definitivo nestas datas, ó que se repón no seu cargo por 19 votos contra 5, votando o Partido Radical a prol desta proposta⁴⁰. Curiosamente tamén se convocou dende o concello, como en case tódolos do Estado, unha manifestación popular de homenaxe ás Forzas Armadas, que reflexaba cara á poboación a nova situación política do concello. Respecto a isto último son sintomáticas as manifestacións dos voceiros do Partido Radical e da CEDA:

Que a la manifestación deben acudir todas las fuerzas vivas de la ciudad que debe gratitud a los defensores de la paz pública y que, a su juicio, el homenaje debe significar también la repulsa de todos los ciudadanos honrados por los actos de salvajismo cometidos en Asturias y por el intento de separatismo que brotó en Cataluña... (Cenalmor - Partido Radical)

...El señor Navarro después de adherirse a las manifestaciones del señor Cenalmor, aplaude la iniciativa que por ser de los representantes de la ciudad, no puede atribuírsele carácter político.

Entiende que es de justicia se rinda el homenaje propuesto para que la fuerza pública al recibir el testimonio de reconocimiento de la

*parte sana de la población, sienta la interior satisfacción tan necesaria en estos momentos difíciles para los defensores de la paz y el orden públicos perturbados por la revolución...*⁴¹

A realidade foi que os primeiros movementos no poder das dereitas ferroláns foron bastante miméticos e feitos máis como resposta ás 'agresións' dos socialistas nos anos anteriores que como froito de decisións firmes e dun proxecto serio de goberno dende o revisionismo e a reforma de determinados artigos da Constitución Republicana. Non se explica doutro xeito o feito de retirar a bandeira galega que ondeaba a carón da española no balcón principal do concello entre os meses de Outubro de 1934 e finais de Marzo de 1935, ou a autorización especial que se autoconcedeu o Alcalde para autorizar os enterros ó paso, circulación prohibida na corporación anterior.

Aínda que as persoas e a tendencia política do concello mudaron, o que non cambiou foi a problemática da sociedade local. A poboación e os sectores económicos tiñan a esperanza nestes anos de rachar a tradicional incomunicación da bisbarra coa chegada do Ferrocarril da Costa, que enlazaría co corredor asturiano, e o concelleiro cedista **Montenegro** pensou que este sería un momento especial para incidir nisto diante do Goberno Central, responsable último das obras, ó coincidir a maioría política do estado coa local. A solución sería relanzar o arrego dunhas vías ferreas que estaban caendo abaixo pola lentitude en realizalas, mais o esforzo foi en balde, xa que a parte dos presupostos do Estado dedicada a este apartado non se incrementaría notablemente máis aló dos dez millóns de pesetas que se lle concedían anualmente, e a comarca atopábase sen xeito de dar o pulo necesario ó desenvolvemento comercial da zona⁴².

A mellor tentativa de arranxar o problema fíxose nunha proposta do representante da Derecha Regional Gallega (CEDA) no mes de Agosto de 1935, pensando en crear

³⁹ C.F., L. A., 18 e 26 de Outubro de 1934; e tamén Informe do Goberno Civil da Coruña ó Ministerio de Gobernación (1^o Marzo 1935), Arquivo do Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, leg. 4369, Concello de Ferrol. Pouco a pouco coa normalización da vida política e a apertura dos centros obreiros no ano de 1935, a corporación ferrolá tería ata as eleccións do Frente Popular unha maioría de 13 radicais e 6 da CEDA, mentres que recuperarían os seus cargos 4 socialistas e 4 de Izquierda Republicana; aínda que quedarán 6 postos dos 33 repartidos entre 2 Independentes, 2 Indefinidos e 2 vacantes, o predominio dos nomeamentos gubernativos foi evidente; A.R.G., F.G. C., leg. 4369, Ferrol.

⁴⁰ C.F., L.A., 25-Out.-34 e 8-Nov.-34.

⁴¹ C.F., L.A., 30-Out.-34.

⁴² C.F., L.A., 29-Nov.-34.

unha Mancomunidade de afectados pola non construción desta liña férrea, e que no suposto probable de que o estado non quixera participar no seu adementamento, se lle concedese ós concellos involucrados a posibilidade para actuar sobre ela, o que contou co apoio de tódolos grupos do concello, a excepción dos socialistas, xa reintegrados ás institucións⁴³. As eleccións de Febreiro de 1936 e o clima de inestabilidade política destas datas interrompiu o proceso lóxico desta alternativa, que de ser acadada remataría con catro anos de abandono desta vía⁴⁴.

Ata Xaneiro do 36 non se propuxeron máis solucións para o eterno problema da escasa actividade da Constructora Naval e finalmente tiveron que realizarse por estas datas varias xestións en Madrid a cargo dunha Comisión de obreiros encabezada polo Presidente da Cámara de Comercio, das que saíron certos resultados e esperanzas de novas construcións, grazias ó apoio do daquela xefe do Estado Maior do Exército, o ferrolán Francisco Franco⁴⁵. Máis este asunto, así como o anterior, non se lle deu o respaldo final a expensas do que sucedera nas eleccións a Cortes de Febreiro, consideradas dende tódolos sectores da opinión pública do país como as definitivas, onde se decidiría o futuro do país.

Dentro da corporación municipal a convivencia interna entre as distintas dereitas non era moi doada, xa que o republicanismo anticlerical dos primeiros anos do Partido Radical non era moi apreciado nos representantes locais da emerxente forza da DRG/CEDA, asociación política auspiciada directamente pola xerarquía católica e feita á súa medida e baixo a súa doutrina. Por outro lado, a CEDA de Ferrol aínda que non tiña un peso específico nin moi importante no contexto provincial, recibía as faragullas do éxito organizativo doutros núcleos da provincia, como Santiago. A DRG ferrolá conservaba o seu clericalismo ata tal punto que se ben dende o cerne da organización central

tentouse sempre separar a esfera política da meramente relixiosa, os seus dirixentes non se recataron en exhibirse amosando esta faciana⁴⁶.

As diverxencias políticas dos partidos maioritarios do concello, baseadas sobre todo na aceptación do sistema republicano, foron importantes dende os primeiros meses. Así, en Xaneiro de 1935, membros do Partido Radical criticaban nunha sesión un artigo publicado no xornal local 'La Verdad', periódico xestionado por e para a CEDA, no que se denunciaba o favoritismo dos radicais no sistema de colocación dos parados⁴⁷. A interinidade do goberno non constituía realmente un factor de estabilidade, senón máis ben todo o contrario.

Esta unidade de acción no concello entre cedistas e radicais rompeuse poucos meses máis tarde, e cara ó exterior seguíuse o mesmo procedemento que utilizaran os radicais cando eran oposición do PSOE, aínda que no seu lugar estaban agora os concelleiros de dereitas, denominados así tódolos que dende a CEDA se situaban á dereita do Partido Radical, obrigado cada vez máis ó centro político. Estes concelleiros non asistiron ás reunións municipais entre Abril e Maio como protesta contra a presentación dos Presupostos do concello do 35, presentados polos radicais, e no que se incluía a emisión dun empréstimo ante a urxente necesidade de remediar en parte o paro obreiro. As dereitas presentáronse finalmente, xa que sen o seu voto o Presuposto non podería aprobarse, e a gobernabilidade do municipio sería absolutamente caótica sen ter nin tan sequera forza e votos suficientes para aprobar os proxectos de goberno. O voceiro da DRG/CEDA **Navarro** consideraba esta situación '*...un deber de cidadanía...*'⁴⁸.

As diverxencias de intereses e a súa propia natureza eventual do acceso ó poder local foron os verdadeiros motivos, á marxe do número de votos recibidos, de que as dereitas locais non conseguisen un respaldo maior e

⁴³ C.F., L.A., 15-Agosto-35.

⁴⁴ A vía do Ferrocarril da Costa xa fora considerada de utilidade pública, e polo tanto de urxente construción, polo Parlamento da Monarquía como polos deputados das Cortes Constituintes.

⁴⁵ C.F., L.A., 16-Xan.-36.

⁴⁶ Isto pódese ver no artigo de E. Grandío Seoane, "El desarrollo político de un partido 'defensivo' en la Galicia de la II República. La contrarrevolución parlamentaria: La Unión Regional de Derechas", en J. Tusell, J. Gil Pecharroman y F. Montero (Eds.), *Estudios sobre la Derecha Española Contemporánea* (UNED, Madrid, 1993), paxs. 423-445.

⁴⁷ C.F., L.A., 24-Xan.-35.

⁴⁸ C.F., L.A., 8-Maio-35.

unha unidade de acción política necesaria nestes difíciles intreos. A situación deste ano de 1935 repítese maioritariamente concello tras concello: Uns sucesos revolucionarios que aupan ó Municipio os representantes locais dos partidos maioritarios das Cortes, unha situación de interinidade que impide a asunción de proxectos a longo prazo, e unhas liñas de acción política cada vez máis separadas entre a CEDA e o Partido Radical, sobre todo no primeiro dos partidos, que pretendía seguir un plan de acceso ó poder central extremadamente ambicioso.

4. A FORZA DA UNIÓN

(Febreiro 35 - Xullo 36)

En toda España, e tra-los sucesos de Outubro de 1934, produciuse dentro das esquerdas un amplo movemento de reflexión e de cambio da estratexia política levada ata entón. Predicada abertamente pola Internacional Comunista -a 'Komintern'-, o auxe dos fascismos en Europa provocou como estratexia a necesidade da unión de tódalas forzas de esquerdas nos chamados 'Frentes Populares' como a única solución ante o pulo dos movementos autoritarios xa instalados en Alemaña, Austria e na Europa oriental⁴⁹.

O reagrupamento das esquerdas en Ferrol prodúcese maioritariamente dende a autoridade da afiliación ó PSOE, partido que aglutinou a orientación esquerdista na comarca durante toda a II República. A reincorporación deste partido á actividade pública do concello é bastante rápida, sendo conscientes os concelleiros interinos das dereitas do importante peso local, e xa en Febreiro de 1935 a minoría socialista do concello propón unha moción para subvencionar economicamente ás familias dos presos polo movemento revolucionario do municipio, no que indicaban que a volta á política local do PSOE ferrolán presumía poucos cambios respecto á orientación ideolóxica dos anos anteriores⁵⁰.

En Ferrol, como en todo o Estado, as esquerdas preparaban pacientemente a convocatoria dunhas novas eleccións durante 1935, movendo pouco a pouco as súas redes clientelares na procura do maior apoio electoral posible, nun xeito similar ó que fixeron as dereitas, e sobre todo a CEDA entre 1932 e

1933. Deste xeito, a victoria nas urnas de Febreiro de 1936 non se pode calificar de sorprendente, aínda que os sectores de dereitas se atopaban moi confiados no seu triunfo, xa que veu precedida nos meses anteriores á celebración dos comicios dunha importante campaña de desprestixio das autoridades de dereitas, e no caso concreto que estamos a tratar os ataques ían directamente contra as xestoras municipais, as que non esquezamos que seguían a conservar o seu carácter de interinidade.

Bo exemplo local desta estratexia de acoso e derribo foi a denuncia que dende a prensa socialista, e máis concretamente no diario 'El Obrero', cuestionaba as xestións do Alcalde radical respecto ás contas dunha viaxe a Madrid, circunstancia que se repetiu durante varios meses, o que provocou a resposta no Salón do concello dos radicais. Cotovad chegou a ameazar ós socialistas de sacar el tamén os trapos sucios da súa xestión anterior:

*Continúa diciendo el Sr. Cotovad que su antecesor Sr. Quintanilla presentaba las cuentas como debía presentarlas, pues los Alcaldes deben tener la confianza de las Corporaciones que los eligen, para poder desenvolverse con libertad en los asuntos que afecten directamente a los intereses municipales. Mas si lo que se intenta es examinar con detalle las cuentas por él presentadas, no tiene inconveniente en que se haga así y demostrar que la honradez no es patrimonio exclusivo de determinados partidos políticos, aparte de que él podía decir algo relacionado con algunas cuentas presentadas en la anterior situación; pero que ni siquiera lo intenta, dejándolos únicamente a disposición de los Sres. Concejales que quieran*⁵¹.

O diálogo entre os dous bloques políticos era imposible. O enfrontamento era moi grande e quen máis tiña que perder nesta situación eran os radicais, que á marxe de seren incapaces de amosar unha política firme no tempo que estiveron na Alcaldía, atopábanse envoltos nunha dinámica política a escala nacional de hipervaloración do extremismo que os conducía directamente a unha posición de centro, mentres que as esquerdas tiñan un novo proxecto de futuro na reagrupación no 'Frente Popular' e non se atopában salferidas por asuntos de corrupción financeira, como o conocido caso do

⁴⁹ O mellor estudo sobre a formación do 'Frente Popular' en España segue sendo o de Santos Juliá, *Orígenes del Frente Popular en España (1934-1936)* (Madrid, Siglo XXI, 1979).

⁵⁰ C.F., L.A., sesión do 21 de Febreiro de 1935.

⁵¹ C.F., L.A., 29-Agosto-35.

estraperlo que implicou a altos dirixentes do Partido Radical.

Chegada a hora das eleccións, e á marxe da propaganda demagóxica empregada por uns e outros, que non é o motivo deste artigo, a candidatura do 'Frente Popular' integrada por membros de tódolos partidos á esquerda do radicalismo triunfou no estado e tamén na provincia da Coruña, deixando ás dereitas os catro postos reservados ás minorías. En Ferrol, as candidaturas máis votadas foron as dos nacionalistas, **Suárez Picallo** (6.572 votos) e **Villar Ponte** (6.536), e despois deles os candidatos socialistas e da antiga ORGA, dos que ningún recibiu menos de seis mil votos, mentres que as dereitas tiñan entre os 3.998 votos do Radical **Abad Conde** e os 4.984 do xefe cedista **Blanco Rajoy**, o que lle daba o triunfo ás esquerdas pese ó grande movemento propagandístico dos párrocos nestas datas⁵².

Os primeiros análisis do voto foron fielmente reflexados nas urnas, xa que as previsións apuntaban a que a lista da CEDA acadaría un 40% do voto do concello, cifra que sóamente aumentaría nun dous ou tres por cento. Pero o que fallou nos cálculos foi o aumento de participación respecto as anteriores eleccións, aproximadamente en 1.500 votantes máis que no 33, e que non casualmente coincide coa diferenza básica entre as listas de dereitas e de esquerdas, e tamén a escasa votación recibida na cidade polos candidatos de centro, como **Iglesias Corral** ou o mesmo **Pita Romero**, que acadaron cifras de apoio de entre cen e douscentos votos, o que amosaba a polarización absoluta da poboación ferrolá, que non admitía posicións intermedias, como tamén amosaba isto a homoxeneidade do voto en esquerdas e dereitas, con apenas diferenciacións entre os candidatos, aínda que poderían ser votados de xeito individual.

Exultantes tra-la súa victoria e pola derrota das dereitas, o primeiro día que o PSOE local, da mán do 'Frente Popular', retomou o poder do concello, **Jaime Quintanilla**,

ellexido novamente Alcalde, moi lonxe de establecer un goberno para todos e de todos, propón con carácter de urxencia:

*Que el Ayuntamiento entable querrela criminal contra quíen o quienes destituyeron a los Concejales de elección popular en Octubre de mil novecientos treinta y cuatro y dispusieron la suspensión del Alcalde en sus funciones y en el cargo de Concejal*⁵³

A súa proposta foi aprobada por unanimidade dos integrantes da nova corporación. A intención de vinganza política dos socialistas ferroláns era clara, entrando nun xogo no que a eventualidade dos representantes municipais era habitual, e que era común a tódolos que pasaron por este salón de sesións a consideración da súa situación como definitiva, sen ter conciencia aínda da transitividade do poder nas democracias occidentais, acostumados á perpetuidade dos políticos da monarquía. Mais este non sería o pensamento de **Quintanilla**, quen despois de propor esta querrela dimite do seu posto de Alcalde por motivos meramente profesionais e deixa a presidencia do concello a **Antonio Santamaría López**, voceiro da minoría socialista local antes da súa suspensión no cargo en 1934. **Quintanilla** non deixa o seu cargo sen volver a insistir no seu ideario e manifesta:

*Que quiere aprovechar esta oportunidad para proclamar la corrección con que siempre se ha conducido la minoría de Izquierda Republicana y el desinterés con que ha procedido en la solución de los diversos problemas municipales, y hace constar también su identificación con la minoría y partido socialista, especialmente con la actuación de este en Octubre de mil novecientos treinta y cuatro*⁵⁴

Como vimos relatando a través destas páxinas, o movemento bipolarizado das persoas que compoñían o concello de Ferrol por estas datas motivou, e aínda con máis argumentos que no 31, que as esquerdas quixeran non só construír un novo proxecto político

⁵² No 'Cuestionario sobre tendencias políticas en los Ayuntamientos de la Provincia de La Coruña' solicitada polo Ministerio da Gobernación no mes de Xuño de 1935 as autoridades locais refírense ós párrocos, xunto ó Alcalde, como axentes de grande influencia electoral, moita máis que os representantes dos partidos de dereita, que non se mencionan apenas; A.R.G., F.G.C., leg. 4369. O relativo ó resultado acadado na votación procede das 'Actas de escrutinio das eleccións do 16 de Febreiro de 1936 na circunscrición da Coruña', Arquivo das Cortes Españolas, Madrid, e reflexado na Tese de Licenciatura xa mencionada anteriormente, *Las elecciones de la C.E.D.A.*..., paxs. 194-203.

⁵³ C.F., L.A., 20-Feb.-36.

⁵⁴ C.F., L.A., 27-Feb.-36.

local, senón tamén comenzalo dende cero, desfecendo todo o realizado polas dereitas empezando polo propio municipio, polo que nesta mesma sesión na que **Quintanilla** presentou a súa dimisión, os funcionarios despedidos despois dos sucesos revolucionarios foron readmitidos inmediatamente nos seus postos, e revisados os contratos daqueles que se fixeran a partir desta data.

En só tres meses, dende Marzal a Maio, viuse ben as claras o posicionamento do concello ante a situación social creada no estado, e aproveitaban calquera ocasión para presentar medidas contra a dereita. O caso anterior dos funcionarios é ben indicativo desta liña de comportamento, como tamén o é a separación do cargo de Avogado do Concello do candidato provincial a Cortes pola DRG ferrolá, **Fernando Pérez Barreiro**⁵⁵, ou a adhesión á proposta elevada ó Congreso dos Diputados pola iniciativa do Municipio de La Línea e que dí textualmente o seguinte:

*Solicitando se dicte una ley por la cual se faculte a todos los organismos del Estado, Región, Provincia y Municipio, para separar del servicio con pérdida de todos los derechos que pudieran corresponderles a cuantos funcionarios se les compruebe combaten franca o encubiertamente el régimen republicano y a los que constituyen las más puras esencias del mismo y para que los propios organismos oficiales puedan declarar caducado el derecho al percibo de sus haberes pasivos de los funcionarios civiles y militares en esta situación que se dediquen a combatir y entorpecer la obra del Gobierno que se realice por el Poder legalmente constituido como expresión de la voluntad nacional*⁵⁶

A intención sectaria era evidente, e a intención de separar o máis posible ós seus enemigos políticos era clara, baseándose na autosuficiencia que daban os resultados das urnas. Estas medidas estaban refrendadas pola poboación de Ferrol, era o que votaran, e dispoñíanse a cumprilo con firmeza e sen dar mostras de debilidade.

Por suposto, un dos temas nos que se producía máis fielmente o choque local entre as dereitas e as esquerdas seguía sendo o da relixión, e agora máis concretamente o do ensino. O carácter anticlerical dos republicanos poñíase máis de manifesto en Ferrol ó ter

o problema da falla de locais onde impartir a docencia, e amparados na lexislación vixente tentaron poñer solución utilizando os edificios das ordes relixiosas dende mediados do mes de Marzal. Mais a auténtica realidade foi que as ordes nunca deixaron os seus edificios, xa que a ilegalidade da propiedade relixiosa dos primeiros anos souberon acomodala e pasar ésta a unha Sociedade Anónima, auspiciada pola xerarquía eclesiástica e que tiña o seu enderezo en Madrid, co que o atranco legal para o paso ás autoridades civís era importante. De tódolos xeitos, a corporación do Frente Popular non desistiu da expropiación e da súa transferencia á propiedade municipal, como proba o acordo do concello no que se interesaba ó Goberno central:

*La inmediata clausura de los centros de enseñanza que en esta ciudad regentan las Ordenes religiosas, con objeto de poder llegar más fácilmente a la compra o alquiler de los locales que actualmente ocupan y dedicarlos a la instalación de Escuelas Nacionales; creando, interin esto no pueda tener efectividad y con el fin de sustituir, en parte, la enseñanza religiosa, tres Escuelas unitarias*⁵⁷

A parcialidade política do concello era evidente, e aínda que noutras comarcas non era así, as posibilidades dun consenso político na bisbarra ferrolá eran nulas. O silencio calculado das dereitas dende as eleccións do 36, aparte de demostrar que non estaban co réxime, berraban ós catro ventos á procura dunha nova solución para quitar do poder ós republicanos, e neste caso, ós socialistas.

5. OS PRIMEIROS MESES DO FERROL NACIONAL

A resposta violenta víase no aire, aínda que non se sabía nin cando nin onde xurdiría. Respirábase moita tensión, unha extremada inhibición da dereita nos seus actos, como dando por perdida a partida e ó mesmo tempo sementando o campo idóneo para que o único sector influente para eles que aínda ficaba en pé como corpo, o Exército, articulara unha resposta de forza, apoiada de feito por moitos daqueles que participaran como representantes populares das institucións republicanas, malia que se reafirmába en todo

⁵⁵ C.F., L.A., 7-Maio-36.

⁵⁶ C.F., L.A., 26-Marzo-36.

⁵⁷ C.F., L.A., 21-Maio-36.

momento o distanciamento das Forzas Armadas da política activa.

Sen embargo, os conflitos entre as autoridades municipais do FP e o espírito militar eran frecuentes. Esta é a explicación do clima político local meses antes do golpe en Ferrol, segundo a opinión de Silva Ferreiro, ó que hai que ler como testemuña da opinión das dereitas de aqueles intres, máis que como cronista imparcial dos feitos:

El insulto a los militares, artilleros sobre todo, era diario y constante. Más de una vez, en pleno paseo de la Calle Real, tuvieron los Oficiales del Ejército que liarse a golpes con los desaprensivos provocadores, que eran ordinariamente los menos responsables. Ellos actuaban, pero los verdaderos culpables estaban detrás de la cortina. No necesitaban molestar-se, ni exponerse a la réplica contundente de la injusta provocación...

*...Ferrol, en el aspecto social, sería un doloroso purgatorio, si no hubiera sido un verdadero infierno*⁵⁸

O carácter de cidade departamental de Ferrol no que a Marina centraba a vida local provocou unha rápida, aínda que non incruenta acción, a prol do movemento militar. A importancia dos barcos alí ancorados e as súas tripulacións e mandos facían da praza de Ferrol un obxectivo neuráxico e de grande importancia estratéxica. O día 20 de Xullo do 36, levantouse o exército que se atopaba aquí, e ás cinco da tarde deste día xa tiña ocupada toda a vila. Soamente quedaban como focos de resistencia o Concello, a Casa do Pobo e os mariñeiros do Arsenal, que desistiron da súa actitude, completamente illados dous días despois, o 22, cun balance de 36 mortos⁵⁹. A marinería acuartelada en Ferrol tamén se sublevou en parte, pero a súa actuación, se ben deu esperanzas ás preto de 30 persoas que se atopaban no Concello defendendo a legalidade, non chegou a establecer contacto firme con éstas, o que motivou a súa rendición, escapando algún deles ó monte⁶⁰.

A virulencia dos combates no Concello trasladouse tamén ó mesmo Libro de Actas, resumo das sesións, e de onde foron

arrancadas diversas follas xusto dende os días en que comeza a persecución municipal antes mencionada das ordes relixiosas. O único garante da súa autenticidade, o Secretario, **Gonzalo Romero Durán**, foi o que se encargou días máis tarde de volver a escribir as páxinas que faltaban apoiándose nos seus borradores. A explicación que fai o Secretario Municipal do triunfo das unidades do exército sublevado en letra apresurada e nervosa, cunha difícil conexión das ideas expostas nel, é a seguinte:

Hago constar, yo Secretario del Ayuntamiento que con motivo de los sucesos revolucionarios desarrollados en esta ciudad en el mes de Julio del año actual, hubo precisión de que la fuerza pública tomara violentamente la Casa Consistorial en la que se habían hecho fuertes los reveldes, que causaron en los documentos de las oficinas y mobiliario grandes destrozos, llegando incluso a destruir parte de este libro de actas, arrancando los folios desde el setenta al ciento dieciocho, ambos inclusive, e inutilizando los que llevan los números ciento diecinueve y siguiente, por cuya razón y utilizando las minutas(?) de las actas en ellas escritas, las reproduzco a continuación, autorizandolas solamente con mi firma, ya que no es posible obtener las del que entonces desempeñaba la Alcaldía por hallarse condenado a muerte en virtud de sentencia dictada por un Tribunal Militar y hallarse otros Concejales en presidio; otro fusilado y los demás suspensos en sus funciones por orden de la autoridad militar.

*Casa Consistorial, Agosto de 1936.*⁶¹

Non por moi repetida é curiosa a apelación que fan os sublevados respecto ós dirixentes do concello como '*rebeldes*', e os feitos do movemento golpista como '*sucesos revolucionarios*', o que nos vén a demostrar que a soberanía popular que lexitimaba os poderes do Estado non era nin tan sequera considerada polos xefes do alzamento nacional, e que caera nun total descrédito tra-la derrota das dereitas nas eleccións de Febreiro. As continuas chamadas dos elementos locais de orde ó Exército, xunto a nula aceptación que nalgúns sectores deste se tiña

⁵⁸ Silva Ferreiro, *Galicia y el Movimiento Nacional* (Santiago, Seminario, 1938), pax. 61.

⁵⁹ Bernardo Máiz, *Galicia na II República e baixo o Franquismo* (Vigo, Xerais, 1988), paxs. 52-54.

⁶⁰ Para ver máis de preto a sublevación en Ferrol e as consecuencias represivas desta ver Carlos Fernández, *El Alzamiento de 1936 en Galicia* (A Coruña, O Castro, 1987), paxs. 151-202 e, sobre todo, o libro de recente publicación, Xosé Manuel Suárez, *O Alzamento de 1936 no Norte da Coruña* (A Coruña, O Castro, 1993).

⁶¹ C.F., L.A., Agosto do 36.

respecto das medidas reformistas militares do réxime republicano, facían que os mandos se autoconsideraran segundo a frase de Calvo Sotelo, a '*columna vertebral do Estado*'.

O 6 de Agosto reúnese por vez primeira a nova corporación militar, integrada outra vez por unha Comisión Xestora na que se atopaban os nomes de **Vázquez Permuy, Casares, Sánchez Barcaiztegui, Castiñeira, Díaz y Díaz, Balás, Rey Sánchez, Castro Carnero, Rodríguez Rico e Pastor León**, e as dúas primeiras ordes da nova corporación foron as de repoñer a cruz no Cemiterio Municipal e nomear un representante no Consello Local do ensino primario: a Igrexa local atopábase claramente tralo golpe⁶².

As prioridades dos que agora controlaban o poder local de Ferrol non foi a cuestión legalista de a quen lle correspondía éste, asumido xa directamente por medio das armas, nin tampouco o mellor aproveitamento dos recursos do concello, senón que tódalas forzas da retaguardia do exército nacional tiñan que estar postas ó servicio do frente de batalla que dividía España en dous Estados moi diferenciados socialmente e na súa lexislación. Todo isto provocou que as cuestións de índole local foran moito menos importantes e que as reunións plenarias do concello foran menos continuas durante os anos da guerra, e que mesmo se chegara a estipular que, contrariamente á obligatoriedade anterior de realizar reunións cando menos unha vez á semana, a Xestora Municipal se reunía nun período de tempo sempre superior a oito días dende a última vez, o que limitaba enormemente a actividade interna do municipio.

Así, nos cinco meses finais de 1936 producíronse soamente outras tantas sesións, das que tres foron para constituir novas Xestoras ou Consellos Municipais, xa que poucas cousas de debate de ideas se poderían tratar. A solución empregada foi de xeito militar, e drásticamente fíxose borrón e nova conta, abandonando e tentando esquencer todo o acontecido nos cinco derradeiros anos. Un dos feitos máis rechamantes dentro disto sería o restablecemento dos nomes das rúas, incorporando ó mesmo tempo novas

identidades como a de '*Calle Real*' pola de '*Calle del Ilustre General Franco*'⁶³.

A memoria recente da bisbarra foi forzada a desaparecer, e a xestión dos socialistas, que foron os donos absolutos do concello durante case toda a II República, foi perseguida e agochada. A partir destes intres, o novo réxime dará un grande troco na élite política de todo o Estado. Precisaranse homes novos, sen vinculación a grupo político anterior algún, que cumpriran os requisitos de ser '*...gente rústica, buena, honrada, religiosa, independiente y apolítica...*'⁶⁴, aínda que en certas ocasións, non moitas, os homes da dereita local durante a república tamén participaron na construción do estado franquista, como **Vázquez Permuy, Castiñeira** ou o mesmo candidato a deputado pola CEDA **Pérez Barreiro**, que, tendo como garante a súa destitución como empregado municipal pola corporación do Frente Popular, é nomeado concelleiro polo Goberno Civil da Coruña a finais de Novembro deste mesmo ano, e que manifesta nesta sesión o seu agradecemento:

*El señor Pérez Barreiro agradece se le haya designado para el cargo, en el que promete laborar con entusiasmo para la solución de los diversos problemas que afectan a la ciudad, desligado de todo partidismo y de toda política*⁶⁵

Unha grande cantidade de represaliados, xenreiras locais internas, dificilmente recuperables, ameazas constantes de forza, familias rotas, centos de perseguidos, etc, foron o remate dos cinco anos de institucións democráticas que dividiron ós ferroláns pola metade. A vida social das localidades rachou por completo e trastocou o futuro inmediato dos seus habitantes, que durante corenta anos estarían marcados pola súa pertenza ou non a uns partidos políticos moi desprestixiados. Soamente nesta vila poidemos ver como a leducia e ilusión dos primeiros días da República foi mudando cara ó revanchismo político: tanta presión faría ceder a corda de equilibrio do sistema, e ésta tronzou pola parte máis debil. □

⁶² C.F., L.A., 6-Agosto-36.

⁶³ C.F., L.A., 18-Nov.-36.

⁶⁴ Ver Grandío Seoane, *El primer personal político del franquismo en la provincia de La Coruña (Cambio y continuidad de las élites políticas municipales durante la guerra civil en la retaguardia nacional, 1936-1939)*, en J. Tusell, S. Sueiro, J.M. Marín y Marina Casanova (Eds.), *Actas del Congreso Internacional sobre el Régimen de Franco (1936-1975)* (Madrid, 1993), Tomo I, Concello de Ponteceso, pax. 72.

⁶⁵ C.F., L.A., 30-Nov.-36.